



Dez camiños alternativos cara a unha educación para a paz

Desde 1964, o día 30 de xaneiro conmemórase nas aulas o Día Escolar da Nonviolencia e da Paz. Foi nese mesmo día cando, en 1948, Mohandas Karamchand (“Mahatma”) Gandhi –líder espiritual dun dos movementos anticoloniais máis pacíficos e de máis impacto na historia do mundo moderno– morreu asasinado no seu país natal da India. Celébrase nas escolas o día desa trágica perda para que as novas xeracións nunca esquezan que a única maneira de lle poñer fin non só a actos tan violentos como os asasinatos ou o colonialismo, senón a calquera acto de violencia, é mediante a educación.

E para que esa Educación para a Paz sexa permanente, cómpre que se recoñezan tamén os pequenos esforzos educativos de *todos os días* que logran reforzar a convivencia non violenta, plena e sa. Con ese obxectivo, propoñemos dez accións educativas que aínda reciben escasa atención, pero que resultarían moi valiosas se se practicasen de xeito integral e non en base ao voluntarismo dalgunhas persoas:

1. Traballar por proxectos que promovan a cultura da nonviolencia e da paz no centro escolar e/ou na comunidade local ao longo do curso escolar.
2. Colaborar en rede entre aulas, centros, veciñanzas, cidades e países, con iniciativas transfronteirizas de sensibilización (ou de *conscientização*, en palabra de Freire) que rulen e que duren no tempo.
3. Realizar análises críticas das formas de violencia transmitidas mediante os videoxogos, os xogos colectivos virtuais ("Warcraft"), a televisión, os cómics, as redes sociais, o cine etc.
4. Indagar no importante papel histórico-actual das mulleres no fomento da cultura de paz (movementos e figuras destacábeis), para rachar co silencio en torno á súa pegada social.
5. Traballar en prácticas restaurativas e positivas, abordando os conflitos mediante a prevención, o diálogo, a colaboración entre iguais e a mediación, así como actuar sobre o acoso desde a empatía, traballando tamén sobre os “espectadores” ademais de sobre o acosado e acosador/es. Con estas prácticas –inspiradas nas auditorías populares promovidas por Nelson Mandela en Sudáfrica– a meta é “restaurar” ou re-establecer e manter unha sensación colectiva de xustiza en comunidades afectadas por un ou máis actos violentos.
6. Darlle prioridade á transversalización de perspectivas non violentas nas actividades educativas e curriculares (a través das Matemáticas, Ciencias Naturais, Lingua e Literatura, Manualidades, Educación Física etc.).
7. Establecer un *podcast* ou canle escolar pola que diferentes alumnas/os e demais integrantes da comunidade educativa emitan cada mañá unhas reflexións sobre a convivencia pacífica.
8. Promover dinámicas de aprendizaxe e de interrelación dentro e fóra da escola que propicien a convivencia: a titoría entre iguais (TEI), a aprendizaxe cooperativa/colaborativa (ApC), as prácticas paidocéntricas, as comunidades de aprendizaxe (CdA) e/ou a aprendizaxe-servizo (ApS), entre outras.
9. Profundar na educación emocional, na educación en valores e na filosofía para crianzas, nun sentido tanto interpersonal como colectivo-democrático, ao longo do curso escolar.
10. Afondar no significado cotián do "iceberg da violencia" (o que Johan Galtung denomina o “triángulo da violencia”). Na punta visíbel do iceberg: a *violencia directa* (física e verbal) e, por debaixo da superficie da auga, a *violencia cultural* (actitudes e perspectivas prexudiciais) e a *violencia estrutural* (formas institucionalizadas ou sistémicas de opresión, tales como os distintos tipos de segregación, exclusión ou discriminación por clase social, capacidades, lingua materna, xénero, cor da pel, trazos corporais e outros).

O fin está no medio coma a árbore está na semente · Mahatma Gandhi

Educadoras/es pola Paz / AGAPPAZ (NEG)

30 de xaneiro de 2018